


Exposición

Pinturas do artista de Betanzos Alfredo Erias expóñense no Parlamento europeo. Un recordo da importancia que o Camiño de Santiago e Galicia tiveron na construción da Europa actual



NO PARLAMENTO EUROPEO As obras de Erias sobre o Camiño de Santiago en época medieval nos muros da Eurocámara

Galicia no corazón de Europa

■ Texto: **Olivier de Pins**

■ Fotos: **O.P.**

Nos corredores tentaculares do impresionante edificio do Parlamento Europeo en Bruxelas, o ambiente é normalmente discreto. Este pasado martes 1 de outubro, un grupo de visitantes se distinguían dos diplomáticos discutindo con entusiasmo... en galego. Son unha trintena a viñeron de Betanzos para acompañar a un dos seus amigos, Alfredo Erias, que vén expor as súas pinturas nas paredes do Parlamento.

É martes pola tarde, e celébrase a inauguración da mostra 'Xente no camiño'. Se hai a miúdo exposicións artísticas neste lugar simbólico da democracia europea, non todas teñen a mesma importancia. E mentres que Alfredo e as personalidades galegas discuten cos funcionarios que veñen a ver ás pinturas, un personaxe famoso chega

: É Josep Borell, o Presidente do Parlamento europeo. "É excepcional que veña a inaugurar unha exposición" comenta Kasia, axudante parlamentaria.

Nun lugar de confluencia de varios camiños, dentro do importante edificio, expóñense por algúns días 24 obras do artista de Betanzos. As pinturas encontran a súa inspiración na cultura galega e na do Camiño de Santiago. O artista inspírase sobre todo en estatuas que adornan igrexas, en lápidas datadas na Baixa Idade Media... Así, a obra 'Músicos con organistrum' representa ós dous músicos sobre O Portico da Gloria da Catedral de Santiago. "Intento darlle vidas a traves da cor e do xogo pictórico" subliña Alfredo Erias.

Segundo o eurodeputado socialista de Galicia, Antolín Sanchez Presedo, "non é só unha obra gráfica senón tamén unha investigación". A orixe desta obra ten máis de vinte anos: "Ó día en que

o alcalde de Betanzos da época (o mesmo Antolín Sanchez Presedo), me pediu que me ocupara do museo histórico da cidade", explica o artista. Numerosas investigacións sobre o Idade Media levárono a comezar este traballo artístico.

A súa obra xa foi exposta en numerosos lugares de Galicia. Pero o artista nunca imaxinou que a súa obra se encontrase un día nestes muros, « no corazón de Europa » explica Erias, moi emocionado.

A primeira autoestrada

A exposición foi organizada pola Deputación da Coruña, co apoio do eurodeputado do PSOE Antolín Sánchez Presedo. Se a beleza gráfica destas pinturas xustifica en si

mesma a mostra, a mensaxe que a estrutura lle dá toda a súa importancia.

En efecto, como explica Laura, moza italiana de prácticas no Parlamento "estes personaxes medievais pintados poderían ser de calquera lado da Europa medieval". Un comentario que o artista non rexeitaría: "A pesar da posición xeográfica de Finistere, Galicia

estaba moi aberta ós demas, e séguese estando". Grazas ó Camiño, xente de toda Europa chegaba a Galicia e desde aí se espallaba todo o de Galicia no continente. Por iso, os personaxes de Alfredo non parecen exóticos.

O presidente da Eurocámara, Josep Borell, referiuse á "nosa Galicia, aínda que son catalán". "O

estaba moi aberta ós demas, e séguese estando". Grazas ó Camiño, xente de toda Europa chegaba a Galicia e desde aí se espallaba todo o de Galicia no continente. Por iso, os personaxes de Alfredo non parecen exóticos.

O presidente da Eurocámara, Josep Borell, referiuse á "nosa Galicia, aínda que son catalán". "O

Parlamento séntese orgulloso de recoller esta mostra de vida desta a nosa Galicia, que é de todos", declarou. Ademais, recoñeceu que xa tiña feito o Camiño, "bueno, un anaco", confesou.

"Europa fíxose a partir deste Camiño", dixo, "foi a primeira gran autoestrada de Europa!", engadiu Borrell, que lle agradeceu a Erias que levara un "sopro de brisa galega" ó Parlamento.

Os galegos presentes na inauguración amosáronse moi contentos con estas palabras. E orgullosos da obra de Alfredo Erias. Un dos seus amigos de Betanzos, Manuel López Castro recordou que a mostra é o resultado de moitos anos de traballo con rigor.

Para concluír, Antolín Sánchez Presedo, o eurodeputado galego inspirador destes traballos, declarou que esta exposición é un "estímulo para o Parlamento europeo", que é, hoxe en día o novo "camiño de Europa".